



Manuel Pérez Vázquez e María Elvira Fernández Fernández, concelleiros do BNG en San Cristovo de Cea, presentan ao Pleno da Corporación a seguinte moción para o seu debate e aprobación se procede,



“RECOÑECEMENTO, PROMOCIÓN E CONSERVACIÓN DOS TRAMOS DA VÍA DA PRATA: OURENSE-COSTIÑA DE CANEDO-LIÑARES-MANDRÁS-CASASNOVAS E CEA-OSEIRA-DOZÓN”

ANTECEDENTES

En agosto de 2015, diante do lamentable estado en que se atopaban todas as Rutas Xacobeas no concello, o BNG presentou unha moción para o desbroce e limpeza das mesmas, considerando a gran difusión cultural e transcendencia que teñen tales rutas para este Concello. Noutras ocasións foron difundidas diversas imaxes e publicacións nas que se puxo de manifesto o lamentable estado das rutas (maleza tupindo as vías nos tramos Sobreira-Viduedo-Casnovas, Mandrás-Pulledo ou Cea-Silvaboa-Pieles, bulleiro e augas encharcadas en varias zonas que no inverno convirten certos tramos en lagorzas intransitables, etc.). Diante de tal situación o Concello sempre mirou para outro lado utilizando argumentos que só serviron para esquivar a súa actuación.

O tramo Rouzós-Mandrás-Pulledo-Casasnovas, carente de recoñecemento “oficial”, está abandonado na práctica. Outro tanto sucede co tramo Cea-Silvaboa-Pieles, tamén esquecido a pesar de conducir a un dos polos de atracción máis importantes: Oseira. Diversos medios de comunicación teñen alertado desta situación de abandono. As guías para peregrinos non contemplan en moitos casos estas dúas rutas alternativas ou apenas as citan, centrándose na “oficial” Ourense-Cudeiro-Tamallancos-Cea-Dozón. Tal carencia de recoñecemento oficial afecta ademais ás axudas, promoción e mantemento.

Unha vez publicada a Orde de 22 de decembro de 2015 (DOG 28-12-2015) que contempla os requisitos para a *“solicitud de axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito da área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago”*, os veciños de Mandrás déronse conta de que a súa parroquia non estaba incluída na vía da prata.

Tras un acto con participación de persoal da Consellería para informar aos veciños da orde e o compromiso da alcaldía para solicitar a inclusión dos núcleos da parroquia de Mandrás na Vía da Prata (escritos con RS nº 514 de 07/07/2016 e RS nº 540 de 15/07/16) a Consellería de Cultura accedeu a incluír á parroquia de Mandrás entre as posibles solicitantes das axudas convocadas, pero só para ise tema, polo que sigue faltando o recoñecemento oficial e a inclusión nas guías ao mesmo nivel que a ruta considerada “oficial”. Históricamente tanto a ruta pola Costiña de Canedo como a de Cudeiro tiveron unha importancia similar. A atención prestada á ruta por Canedo-Mandrás na web “caminodesantiago” non é cotexable coa que se lle presta a “oficial”.

Algo similar sucedeu na parroquia de Oseira coas axudas convocadas na Orde de 24 de xaneiro de 2018 co mesmo fin de rehabilitar vivendas e edificacións na área do Camiño de Santiago. Tras a solicitude argumentada do Concello (rexistro de saída 2018-S-RC-305 de 11 de abril de 2018) a Consellería admitiu que a parroquia de Oseira puidera solicitar as axudas ao abeiro da citada orde, pero segue faltando o recoñecemento da ruta para outros fins, como puderan ser os proxectos millonarios anunciados para acondicionamento e sinalización do Camiño para o próximo Xacobeo.

O coñecido como Camiño Sanabrés da Ruta da Prata pasa pola Ponte Vella en Ourense e e bifúrcase en dúas variantes: unha segue pola Costiña de Canedo-Liñares-Mandrás-

Casanovas (precisamente a carente de recoñemento, ou con menos) e outra por Cudeiro-Tamallancos-Sobreira-Casasnovas, que figura como “oficial” en todas as guías. A pesares desta discriminación interesada, ambas veñen sendo utilizadas polos peregrinos, existindo nelas diversos puntos que posúen selo, etc. A atención que se lle presta á conservación da ruta “oficial” non é cotexable co abandono que sofre a outra.

Á saída de Cea tamén existen dúas posibilidades, a máis curta por Piñor-Dozón, presente en todas as guías e considerada como “oficial” na web “caminodesantiago” e outra por Silvaboa-Pieles-Oseira. Esta última, inda que mencionada nesa web, aparece como secundaria. Noutras guías aparece indicada ou non segundo a guía consultada.

Quedan así rebaxadas a vías secundarias todas as que non aparecen como “oficiais”, ben por que se citan menos ou porque nin se citan. Son curiosos os casos onde algun delas aparece cortada ou desaparece no mapa (como Peago-Pulledo en google maps). Deste modo as axudas para promoción ou mantemento vense reducidas ou anuladas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade diversos concellos tratan de incluír novas rutas e fomentar ou mellorar as existentes. O escaso aproveitamento da potencialidade de Oseira ten sido obxecto de comentario en múltiples ocasións e medios. Agora, coa proximidade dun novo Xacobeo e a posibilidade dun novo albergue en Oseira, é necesario que a ruta Cea-Silvaboa-Pieles-Oseira figure en todas as guías, sexa recoñecida a todos os efectos e goce de toda a atención, difusión e recoñecemento oficial posible.

O mesmo sucede co tramo Costiña de Canedo- Liñares-Mandrás-Casasnovas, na que o esquecemento oficial obriga incluso a depender de voluntarios como os “amigos do camiño” para desbrozalo e permitir o tránsito. Case sempre en mal estado, esta ruta ve mermado o seu tránsito debido tanto ao abandono que sofre como á falla de información que se pon á disposición dos peregrinos.

Ambos tramos supoñen para o concello de Cea un patrimonio cultural inestimable e unha fonte de ingresos valiosísima, polo que requiren da máxima atención por parte de todos os organismos, en particular do propio Concello que non debe mirar de lado.

Considerando o devandito, este grupo municipal propón ao pleno da Corporación que adopte o seguinte,


ACORDO

Que o Concello de San Cristovo de Cea inste á Consellería e demais organismos relacionados co Camiño de Santiago, para que os tramos da Ruta da Prata:


- ***Ponte Vella - Costiña de Canedo - Liñares - Mandrás - Casasnovas***
- ***Cea - Silvaboa - Pieles - Oseira***

Sexan sinalizados correctamente, recoñecidos como pertencentes ao Camiño de Santiago a todos os efectos e aparezan indicados como tales en todas as guías e folletos informativos, particularmente nos dependente dos organismos oficiais.

San Cristovo de Cea a 6 de setembro de 2019



Asdo: Manuel Pérez Vázquez



María Elvira Fernández Fernández